



CARLOS MARTINEZ ALONSO, Secretario do Xurado Provincial de Clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

**CERTIFICO:**

Que en sesión celebrada por este Xurado en data 14 de xulo de 2009, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Clasificar como veciñal en man común a favor dos veciños Rial, parroquia de Santa María de Asadur, concello de Maceda (Ourense) o monte que de seguido se describe

Concello: **Maceda**

Denominación do monte: **As Corgas**

Comunidade propietaria: **Veciños de Rial, parroquia de Santa María de Asadur, Maceda(Ourense)**

Superficie: **1,4 Has.aproximadamente**

O devandito monte está composto polas seguintes parcelas:

**LINDEIROS**

**Norte:** Co monte pertencente ós veciños de Paradiña

**Sur:** Río Covelo e fincas particulares.

**Leste:** Fincas particulares.

**Oeste:** Río Covelo.

E para que así conste, e habendo causado firmeza por non existir constancia de recurso algún contra o mesmo, de acordo co previsto na Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común así como no Decreto 260/1992, de 4 de setembro, que aproba o seu Regulamento, expido o presente en Ourense, a 6 de abril de 2010.

Vº e Prace

O Presidente

Ricardo Ignacio Vecillas Rojo

O Secretario

Carlos Martinez Alonso

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*Edicto do 22 de xullo de 2009, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se resolve o expediente de clasificación do monte coa denominación As Corgas, por solicitude dos veciños de Rial, parroquia de Santa Mariña de Asadur, no concello de Maceda (Ourense).*

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar o 14 de xullo de 2009, adoptou a seguinte resolución:

Visto o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado As Corgas a favor dos veciños de Rial, parroquia de Santa Mariña de Asadur, no concello de Maceda (Ourense), resultan os seguintes

**Feitos:**

Primeiro.-O 11 de xaneiro de 2006 tivo entrada no rexistro da delegación provincial da Consellería do Medio Rural escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común dos veciños do Rial, parroquia de Santa Mariña de Asadur, no concello de Maceda (Ourense), en que solicitan a clasificación como veciñal en man común do dito monte a favor dos veciños do citado lugar.

Segundo.-O 25 de xuño de 2008, o Xurado Provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designando instrutor e procedendo a realizar as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e ábrese un período dun mes para a práctica de alegacións.

Terceiro.-No prazo concedido para a práctica de alegacións presentaron os veciños de Paradiña alegacións que, pola súa vez, foron respondidas por José Gómez Cortés, veciño do Rial. As discrepancias solventáronse mediante acordo reflectido en acta do 24 de marzo de 2009 coa mediación do Servizo de Montes de Ourense, que emite informe favorable do acordo entre as partes.

Cuarto.-O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación que consta no expediente, descríbese así:

Concello: Maceda.

Denominación do monte: As Corgas.

Comunidade veciñal solicitante: veciños de Rial, parroquia de Santa Mariña de Asadur.

Superficie: 1,4 ha aproximadamente.

Lindeiros:

Norte: co monte pertencente aos veciños de Paradiña.

Sur: río Covelo e predios particulares.

Leste: predios particulares.

Oeste: río Covelo.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.-De conformidade co disposto no artigo 1 da dita lei, son montes veciñais en man común os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.

Terceiro.-É reiterada doutrina da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa; correspóndelle constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña disfrutando ao Xurado Provincial de Clasificación.

Cuarto.-O carácter de monte veciñal en man común acreditouse mediante os testemuños dos veciños solicitantes e as actuacións realizadas polo Servizo de Montes, sen que durante a tramitación do procedemento se producise reclamación ningunha de titularidade distinta, agás a antes mencionada e que foi emendada.

En consecuencia co que antecede, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 318/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria, e demais normativa legal e regulamentaria, o Xurado Provincial, por unanimidade dos seus membros,

**RESOLVE:**

Clasificar como monte veciñal en man común a favor dos veciños de Rial, parroquia de Santa Mari-

ña de Asadur, no concello de Maceda (Ourense), o monte das Corgas, coa descrición reflectida no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/1989 (citada), nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 22 de xullo de 2009.

Ricardo Ignacio Vecillas Rojo  
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense

*Edicto do 3 de agosto de 2009, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, relativo á iniciación de expediente de clasificación como veciñal en man común do monte coa denominación de Comunal de Monte Asnal a favor dos veciños de Monte Asnal, da parroquia de Trasalba, no concello de Amoeiro (Ourense), e polo que se abre un período dun mes para a práctica de alegacións.*

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión do 18 de novembro de 2008, acordou iniciar os trámites para a clasificación como veciñal en man común do monte coas características que a seguir se relacionan:

Concello: Amoeiro.

Denominación do monte: Comunal de Monte Asnal, parcelas: Tapada das Piñas, Outeiro da Fonte e Os Gallardos.

Comunidade veciñal solicitante: veciños de Monte Asnal, parroquia de Trasalba.

Superficie: 203.318 m<sup>2</sup>.

a) Monte Tapada das Piñas (Rodeiro), formado por tres zonas distintas, cunha superficie total de 41.180 m<sup>2</sup>.

Zona 1. Cunha superficie de 26.825 m<sup>2</sup>, linda:

Norte: MVMC de Trasalba.

Sur: predios de José González Desairas e herdeiros de José Gómez.

Leste: MVMC de Pradobo, predios de Purificación Cabanelas, Antonio Araújo Tilve, Eduardo Rodríguez.

Oeste: predios de Coren, Purificación Cabanelas, José González Desairas.

Zona 2. Cunha superficie de 3.575 m<sup>2</sup>, linda:

Norte: predios de José González Desairas, Inocencio de Outeiro, Antonio Desairas Eirey, José Iglesias Eirey.

Sur: estrada de Ourense a Trasalba.

Leste: predios de Antonio Araújo Tilve, José Araújo Fernández, herdeiros de Benjamín González, José Iglesias Eirey, Manuel Iglesias García.

Oeste: predios de José González Desairas, Antonio Desairas Eirey, Colindes González Dopozo.

Zona 3. Cunha superficie de 10.780 m<sup>2</sup>, linda:

Norte: estrada de Ourense a Trasalba.

Sur: predios de herdeiros de Antonio Iglesias Martínez, Ángel Rodríguez Loureiro, Avelina Loureiro Iglesias, Luís Gómez Piña, herdeiros de Cándido Pérez.

Leste: predios de herdeiros de Tomás Pérez, José Manuel Barros, Manuela Canela.

Oeste: predios de Rufino Pereira, Manuel Iglesias Eirey, Josefa Conde Sarmiento, herdeiros de Benjamín González.

b) Monte denominado Outeiro da Fonte, cunha extensión de 2.110 m<sup>2</sup>, sendo os seus lindeiros:

Norte: herdeiros de Benjamín González Garabatos.

Sur: predios de Elías Méndez Iglesias, José González Desairas, Josefa Conde Sarmiento, herdeiros de Cándido Pérez.

Leste: predios de José González Desairas, herdeiros de José Gómez, Elías Méndez Iglesias, Claudio Iglesias Eirey.

Oeste: predios de herdeiros de Benjamín González Garabatos, Andrés Leal Cabanelas.

c) Monte denominado Os Gallardos, cunha extensión de 160.028 m<sup>2</sup>, está formado por:


Parcela nº 100 do polígono 60, denominada Lama de 4.059 m<sup>2</sup>.

Parcela nº 225 do polígono 60, chamada Cova de Lobo de 152.645 m<sup>2</sup>.

Parcela nº 388 do polígono 61, denominada Cano de 396 m<sup>2</sup>.

Parcela nº 396 do polígono 61, chamada Cano de 2.928 m<sup>2</sup>.

O que se pon en coñecemento de todos os interesados para os efectos de abrir un período dun mes de



COORDENADAS UTM FUSO 29

- 1 X=613.127,50 Y=4.682.899,00
- 2 X=612.953,10 Y=4.682.845,00
- 3 X=612.905,20 Y=4.682.830,20
- 4 X=612.974,61 Y=4.682.795,36
- 5 X=613.014,23 Y=4.682.854,66
- 6 X=613.041,17 Y=4.682.809,93
- 7 X=613.084,10 Y=4.682.766,00
- 8 X=613.135,07 Y=4.682.749,19
- 9 X=613.128,78 Y=4.682.761,73
- 10 X=613.116,82 Y=4.682.861,46
- 11 X=613.134,45 Y=4.682.862,49

SUPERFICIE APROXIMADA DO MONTE 1,4 HA.

**Xunta de Galicia Consellería do Medio Rural**  
Delegación Provincial de Ourense Servizo de Montes e Industrias Forestais  
Área de Montes Veciñais en Man Común  
Avda. da Habana, nº 79, 1º andar, 32004 OURENSE  
Tfno.: 988-386703

Obxecto do plano:  
MONTE DENOMINADO "AS CORGAS", PERTENCENTE AO POBO DE O RIAL (MACEDA)

Xefe Área Montes Veciñais Man Común

Cartografía de base:  
Folla dixital nº 22636

Asdo.: Luis Miguel Segovia García

ESCALA: 1:5.000

DATA: 2 ABRIL 2.009

REFERENCIA: 013 - 06 MV

